

A FIESTA DO ILLA Nº19



2018

LETRAS GALEGAS 2018

María Victoria Moreno

[María Victoria Moreno](#) naceu en Cáceres no 1939, polo tanto eu fágome unha pregunta: que fixo esta muller para ser homenaxeada no Día das Letras Galegas, sen ser orixinaria de Galiza?



Pois ben, para podermos contestar esta cuestión temos que ir aos seus comezos. María Victoria era unha muller licenciada en filoloxía románica na universidade de Madrid, pero vai ser no 1963, aos 22 anos de idade, cando vai conseguir unha praza de profesora nun instituto de Pontevedra, grazas a iso comeza a vivir en Galiza.

María Victoria sentiuse tan identificada co galego que de seguida o converteu na súa lingua. Desde entón, toda a súa obra literaria está escrita en galego. Unha parte dela son contos e novelas dedicadas ao público infantil e xuvenil, como *Leonardo e os fontaneiros*, *Mar adiante*, *O cataventos* e *Festa no faiado*. Porén, con *Anagnórise* (Galaxia, 1988) obtén un dos maiores éxitos da literatura xuvenil na nosa lingua, xa que en moi pouco tempo publicáronse 20 edicións da novela e mesmo chegou a ser incluída na listaxe de honra do IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil) en 1990.

Guedellas de seda e liño (Galaxia, 1999), é outra historia coa que chega a cativar o público adolescente.

Foi codirectora de *Árbore*, a colección infantil de Galaxia, desde o seu inicio. Ademais de escritora tamén entrou no terreo da tradución no que realizou achegas destacadas, traducindo obras ao castelán.

En 1968 abriu, xunto con outros intelectuais, a librería Xuntanza de Pontevedra, co fin de promover a literatura e espallar os libros. Nela podíanse atopar, entre outras, obras de Castelao, prohibidas pola censura.

María Victoria Moreno morrería aos 66 anos en Pontevedra dun cancro de mama.

A conclusión que podemos sacar de todo isto, é que María Victoria foi unha “galega de elección”, xa que foi ela quen recoñeceu o galego como a súa lingua e defendeuna na época franquista, chegando a serlle retirado o pasaporte por esa afouteza a prol do galego.

Xián Pérez López, Pablo Mateo- 4ºB

SABÍAS QUE

A súa entrada en Galicia fíxoa por Redondela. A estación de tren de Redondela era moi importante na época, os viaxeiros procedentes de Madrid poñían pé nas terras galegas por vez primeira na nosa vila.



Así nos conta ela a súa chegada a Galicia en 1963:

“E cheguei a Redondela unha mañá bretemosa de agosto, aluguei un ático orientado ó solpor e descubrín que Pontevedra, onde a terra ule a ceo cando chove, era unha vila insolitamente fermosa, insolitamente húmida e insolitamente inaccesible ós meus ollos, afeitos á serra do Guadarrama e á Cidade Universitaria de Madrid”

Moreno, María Victoria (1994): “Escritora alófona eu?” en Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso. Vigo: Galaxia, pp. 107-111.

Os seus libros máis premiados son:

Leonardo e os fontaneiros (1986)




Anagnórise (1988)

Fragmento:

- Daquela ese fío de lembranzas que non dás rompido coa distancia ten un nome concreto...

- Natalia –dixen eu.

E rompín a chorar. Tapei a cara coas mans e sentín as bágoas, quentes e grandes, corrían polas meixelas, chegaban á boca e, xa frías, esvaraban desde os pulsos ata os cóbados. Non sei canto tempo estiven así. Cando acordei, ela mirábame apesurada e o mantel estaba mollado.



Guedellas de seda e liño (1999)

Fragmento:

O Centro de Acollida era un piso grande e limpo, modesto no seu enxoval e esmeradamente enfeitado con tapetiños de gancho e plantas naturais. Contrastaba o frescor que se respiraba dentro co bochorno abafante das rúas que percorrera ata chegar á avenida Ramón Cabanillas, xa case nas aforas de Santa Marta.

Pequena reflexión: Por que non se fala en galego?

Como todos sabemos o galego non é unha lingua moi popular hoxe en día, fálasenos de como a este paso a lingua vai desaparecer, e os datos así o corroboran. Segundo o IGE (Instituto Galego de Estatística) a porcentaxe de galegos que falan galego sempre, ou que o falan máis que o castelán é dun 60,9% en 2013. Aínda que os galegofalantes representan a maioría da poboación, as persoas que máis falan a nosa lingua son anciáns, xente con poucos estudos e de municipios pequenos, polo que a nosa lingua si está en “perigo de extinción”.

Pero, volvendo á cuestión, por que o galego non se fala? Moitas persoas atribúeno ao exposto anteriormente, debido a que a xente que máis o fala son persoas maiores, sen estudos e de pobos pequenos, créase o estereotipo de que as persoas que o falan son xente inculta e táchase o galego de lingua de vellos rurais. Sendo isto verdade, eu creo que hai máis razóns.

A primeira está relacionada co xeito como o aprendemos. A maior parte de nós aprendemos a falar en castelán, e non é até anos despois cando se nos ensina a falar en galego. Isto quere dicir que vemos o galego como unha lingua secundaria.

A segunda ten que ver co feito de como se nos ensina. En vez de ser nós os que descubramos a cultura, as obras e autores galegos e as gocemos, dísenos o que temos que ler, o que temos que interpretar e o que temos que entender. Así vémolos como unha imposición.

Outra razón pode ser que non se lle ve moita utilidade. Ao vivir nun mundo globalizado o castelán ten máis proxección cara o exterior e así, non temos moitas razóns para falar o galego xa que, se ben o galego pode axudar a comunicarse cos portugueses, eu tampouco tiven problemas ao falar castelán as veces que fun a Portugal.

Se queremos que a cultura galega non morra temos que superar os prexuízos e imposicións, incentivar o seu coñecemento e demostrar por que o galego merece ser falado e amosar máis a grandeza da nosa cultura en vez de só dicilo ou insistir en que temos que falalo. **E ti? Falas galego?**

Ángel Monroy

Fonte dos datos:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0206004&num_pag=4

MAGOSTO E XOGOS POPULARES



Máis en
DINAMISIMON.

AIRIÑOS AIRES, ROSALÍA.



No mes de outubro visitamos a exposición fotográfica Airiños aires, Rosalía, organizada polo [Departamento de Normalización do Concello](#).

As fotos de Xurxo Lobato que compoñen esta exposición son unha viaxe polos espazos vitais que a escritora percorreu. Reflicten o seu peregrinar ao longo da xeografía

galega e as súas constantes mudanzas de residencia e localidade. Alén do espazo físico, amosan tamén as mudanzas emocionais da autora do Rexurdimento. Guiados por Xurxo,



técnico de Normalización do Concello e as súas magníficas explicacións, viaxamos á par de Rosalía e o seu alento a través das fotos amosadas na exposición. [Máis en DINAMISIMON](#).



SCRIPTORIUM



No mes de novembro visitamos o obradoiro

Scriptorium, organizado pola Concellaría de Ensino, permitiunos coñecer e recrear o traballoso proceso de escribir e iluminar un pergamiño.

No multiúsos da Xunqueira fixemos un percorrido por cada un dos procesos e instrumental necesario para a realización dun pergamiño: as plumas, as tintas, a escritura, os dourados, a ilustración, o alumeado e a encadernación. E non só



miramos, tamén nos puxemos mans á obra!

[Máis en DINAMISIMON](#)



CUARTO DA ESO, É COMO O AGARDAS?

Visto dende a perspectiva do día de hoxe, practicamente a finais de maio e facendo un pequeno percorrido ao longo do curso, decátome de que, finalmente, cuarto da ESO estaba lonxe da idea inicial que eu tiña.

Rematados os exames de setembro, de terceiro, deime conta de que a dificultade dos meus con respecto aos dos meus compañeiros era moi inferior, xa que eu viña dun curso *PMAR* no que se daba menos contido. *PMAR* foi un curso estraño para min, xa que eramos poucos alumnos e iso provocaba que houbo un entorno máis familiar e con maior atención personalizada dos profesores ca nos outros grupos.

Xa de primeiras, dende o momento que fixen a matrícula, souben que estaba optando polo camiño máis sinxelo e directo, aínda que tamén é verdade que era o que máis me conviña para estudar o que quero nun futuro, un ciclo.

Os primeiros días de clase, tiña un dobre sentimento, por un lado o entusiasmo de saber que era o meu último ano, e por outra banda o medo por non saber o que podía esperar do futuro. Co paso dos meses funme decatando de que o ía levando mellor do que pensaba nun principio. Aínda que no Nadal me quedaron catro materias, as miñas expectativas non eran malas, xa que só aprobando dúas desas catro obtiña o título da ESO. A elección das materias que quería deixar de lado foi moi sinxela, adiaría as dúas que tiña atravesadas dende o principio.

Podería dicirse que a estas alturas do ano o meu “plan” non ía mal, pero non ía ser perfecto. O segundo trimestre foi mellor co anterior, xa que unha das suspensas aprobeina, pero o aviso de que había a posibilidade de non titular, posto que nunha das aparcadas pretendían darme o abandono, supuxo para min un chasco. Isto provocou unha sensación de angustia, xa que esta noticia non se atopaba en absoluto nos meus plans. Tras falar co profesor, deixoume claro o que había, tiven que dar un cambio, xa que se non mudaba iría por mal camiño.

É agora, na recta final do curso, cando me decato de que pouco a pouco as cousas foron xurdindo dun xeito natural. Xa que, ao longo do ano, non estiven pendente de se levaba ben o curso ou non, simplemente me deixei levar pola rutina do traballo diario, iso si, sen perder de vista as materias que quería recuperar.

A miña mensaxe é que non se pode afrontar este curso con medo, pero tampouco ir de sobrados cunha confianza cega, considero que a posibilidade de obter a ESO está ao alcance de todos, pero hai que ter cabeciña.

Sergio Corujeira

O PERGAMIÑO VINDEL



Ao mar de Vigo en Alcabre nos diriximos para coñecer a súa historia do Pergamiño Vindel.



Esta xoia literaria do século XIII estivo desaparecida até que en 1914 o libreiro Pedro Vindel, ao que debe o seu nome, a atopou como forro doutro libro de vello. Após varias compra-vendas, atópase definitivamente exposta no Morgan

Library de Nova York. Contén as sete cantigas de amigo de Martín Códax, seis delas coa súa notación musical, ambientadas no mar de Vigo.

Mágoa que unha parte tan importante da nosa historia literaria estea tan lonxe do mar que a viu nacer

[Máis en DINAMISIMON.](#)



CONTRA O LUME, REPOBOACIÓN NO MONTE ESPIÑO

A [vaga de lumes](#) no outono cubriu de cinza os montes arredor de Redondela. As horas de desesperación afogando as lapas deron paso a días de resignación. Apagouse o lume e, co tempo, esmoreceu a carraxe.



Chega a primavera pero, con ela, o gris invernal da paisaxe non troca de cor. A choiva, que sempre trae verdor aos ecosistemas galegos, réndese após décadas de loita contra os

lumes provocados.

O alumnado de 2º de ESO fixo un pequeno sementeiro. Cada landra que plantan e apadriñan con agarimo, será un futuro carballo. Co tempo formará parte da pequena carballeira que intentará repoboar algunha zona castigada polo lume.







concienciáronse das consecuencias negativas dos lumes e das vantaxes da repoboación con especies arbóreas frondosas.



O alumnado de 4º de ESO participou nunha repoboación forestal organizada pola Comunidade de Montes Veciñais de O Viso. Nun lugar de incrible beleza, con vistas a Enseada de San Simón e á capela do Monte da Peneda, os alumnos

[Máis en DINAMISIMON.](#)

Time for the theatre!

Last April 10th we had the chance to watch a play by the Moving On Theatre Company called Fortune's Fool. Some of our students participated and we had quite a lot of fun!

An important theme in the play (besides good and bad luck, superstitions, etc ...) was the idea of false pretences, of a world which is dishonest and full of lies ... This is summarized in the popular saying that **"A lie can travel half way around the world while the truth is putting on its shoes"** (i.e. a lie goes much further than the truth).



This phrase (by the American writer Mark



Twain) was written in the 19th Century. If we consider this phrase to be true in the days when phones, the Internet and social media didn't exist, then today the phrase has an even greater significance.

In recent times the concept of "Fake News" or "Alternative Facts" has been talked about a lot. Recent history has given us many examples, some of which had grave consequences:

- The "Weapons of Mass destruction" in Saddam Hussein's Iraq was one of the most important factors in justifying the invasion of the country in 2003, causing thousands of deaths, and millions of refugees. No weapons of mass destruction were ever found.
- After the bombings in the Atocha train station in Madrid on March 11th 2004, the

Spanish government and press initially reported that the Basque terrorist group ETA was responsible. On the very same day, the international press reported that it was Al Qaeda and after two days, the Spanish press agreed.

These examples were broadcast on television, radio and in the newspapers, but the lies, fake news and false stories are even more common today on Social Media sites like Facebook, Twitter, Instagram and YouTube. This has become so common that today many observers talk about “Information Warfare”, that is, changing and influencing other countries through misinformation and fake news instead of using bombs:

- Automated Twitter accounts have been responsible for trying to influence people by publishing false news and serious lies in the elections in the U.S, France, Germany and in the Brexit referendum in the UK. An Oxford University study concluded that as much as 25% of published Twitter news was false.
- After the Manchester bombing in May 2017 many photographs of missing people were published on Facebook and Instagram. A large number of these were false and were actually photographs of celebrities or people from advertisements.

Studies have shown that the more a piece of news is shared or re-tweeted, the more people believe it. This can be the case even when unmistakable evidence is available showing the true reality. It is clear that today, more than ever, a lie often goes much further than the truth.

Here are some photos from the play:



Here's Minerva before the play, probably quite excited (and a bit nervous, too) at the idea of taking part in it!



And here she is again, in full performing mood!



Sonia Álvarez showing her acting abilities!

And Mario Sotelino off stage ...



... and on stage, doing some cleaning!



See you again next year!!!!

DÍA DE ROSALÍA - 24 DE FEBREIRO



Homenaxeamos a Rosalía na conmemoración do seu nacemento, 24 de febreiro de 1837. Música ao vivo, baile e recitado de poemas como agasallo de aniversario. Viva Rosalía.



Lúa descolorida

Lúa descolorida
como cor de ouro pálido,
vesme i eu non quixera
me vises de tan alto.
Ó espazo que recorres,
lévame, caladiña, nun teu raio.

Astro das almas orfas,
lúa descolorida,
eu ben sei que n'alumas
tristeza cal a miña.
Vai contalo ó teu dono,
e dille que me leve adonde habita.

Mais non lle contes nada,
descolorida lúa,
pois nin neste nin noutros
mundos teréi fortuna.
Se sabes onde a morte
ten a morada escura,
dille que corpo e alma xuntamente
me leve adonde non recorden nunca,
nin no mundo en que estou nin nas alturas.





XIX concurso de relato breve IES ILLA DE SAN SIMÓN

O gañador desta edición de relato breve,
segundo a decisión do xurado, foi

**YERAY RODRÍGUEZ
PUENTES**

co relato *Ante a cor laranxa do mar da ría de
Vigo*. Parabéns! A seguir podedes ler o relato gañador.

ANTE A COR LARANXA DO MAR DA RÍA DE VIGO

Pum! Pechei dun bo golpe a porta, para que miña nai se decatara do meu cabreo. A ela non lle gusta que trate así a porta, por iso o fixen.

Sempre igual, cada vez que chego un chisco tarde de andar coas miñas amigas pola rúa móntame un lío... Ademais se me retrasara... eu que sei... catro horas e chegase na media noite, eu calaba e non dicía nin pío, pero é que esta vez só cheguei dúas horas tarde.

Bah! É igual, eu sigo coas miñas cousas no meu cuarto e déixoa soa refungando. Cámbiome de roupa e prendo o meu ordenador para esquecerme da miña abafante nai. Teño pensado conectarme ao xogo e chatear cos meus amigos. Como era venres e xa acabara a época de exames, tiña liberdade total. Póñoome a xogar cun amigo que, de feito, coñecín no chat. Falabamos a miúdo, por non dicir todos os días. O seu usuario na rede é "SpartIago", obviamente chámase Iago, e creo que é bo rapaz e simpático, nas videochamadas de Skype sempre me facía rir. Non era o único amigo que tiña (no xogo), algúns nin sequera son da miña cidade e até nin de Galicia, pero aínda así son os meus amigos... creo... Amigos non sei se o serán, pero si me acompañan mentres xogo, trátanme ben, falamos das nosas cousas e compartimos ideas, falamos (de moitas cousas) moito. Iso pódese considerar unha relación de amizade verdadeira? Ou é unha falsa ilusión?

Iago é o único que vive na mesma cidade ca min, pero nin por esas tiñamos falado de quedar para coñecernos. Algún día teño que propoñerllo, se non morro de vergoña antes. Se a miña nai vira que me pasa pola cabeza quedar cunha persoa que coñecera pola Internet, mátame. É normal coa movida de acosadores e pederastas, pero sei que é un rapaz normal, coma min.

Son as tres da madrugada e sigo engancho para conseguir por fin a Arma Lendaria Nvl.10, estou que caio de sono, sóame un asubío no móbil. Desbloqueo a pantalla rapidísimamente e era unha mensaxe de, como non, Iago, pero agora estou co xogo e non lle podo contestar. Así que tiro o móbil enriba da cama e déixoo alí. Remato de xogar, xa non aguanto máis, estou super canso, apago o ordenador e paso da cadeira de rodas a poñerme aos pés da cama e deixarme caer enriba dela e quedo durmido...ZzZzZz...

-David! Érguete xa! Todo o día a durmir sen facer nada! Son as dúas da tarde xa, ou te ergues ou quedas sen comer! -grítame miña nai.

Facerte erguer a berros debía ser a derradeira moda entre as nais. Só escoitala así pola mañá facía que se me levantara unha dor de cabeza insupportable. Así que, vou recorrer ao mellor amigo dun adolescente, o Ibuprofeno, tómo e baixo comer. Que noxo! Chégame ao nariz o cheiro do que íamos comer hoxe... peixe. Que maldito noxo! Vaia comezo de día, berros e comida noxenta.

Rematado o xantar, cando ía baixar co can, sóame o móbil. Era Laura, a miña mellor amiga, quería saber se podíamos quedar para tomar algo e dar unha volta, eu díxenlle que estaba dispoñible, así que podíamos quedar. Fomos a unha cafetería do centro tomar algo, ela pediu un batido de amorodos e eu, como bo larpeiro, un batido de chocolate. Estivemos de rexouba falando dos rapaces guapos e maiores de bacharelato, foi unha tarde produtiva. De súpeto, ao ver o móbil, lembrei a mensaxe de Iago e que aínda non lera. Dicía:

"Boassss! :3 Estaba pensando en quedar mañá para coñecernos en persoa. Que me dis? Gustaríache? Poderíamos quedar no Areal e dar unha volta polo paseo do Náutico...? Ou podemos facer o que ti queiras ^.^"

Cando o lin quedei a cadros, por unha parte, claro que me gustaría coñecelo en persoa, pero por outro lado morrería de vergoña. Leuno tamén Laura e animoume.

-Dei! Vai e queda con el, non perdes nada por quedar co rapaz, contéstalle e queda -insistíume Laura

Non sabía que facer. Quedar con el ou non quedar con el? Velaí a cuestión. Decidido, pero inseguro, mantemos unha conversa vía WhatsApp á que Laura estaba moi atenta:

*Claro! As 18:00 no Areal ^^
xa sabes que son moi vergoñento
non mo teñas en conta :P 16:57*

*Perfecto voume ir preparando.
Quedamos dentro dunha hora.
Vémonos! Estou algo nervioso
Hahaha ★☆☆ 16:58*

Recoñecerasme? 16:58

Claro! E ti a min? 16:58

*Recoñecería esa cara a
quilómetros hahaha 16:59*

Entón vémonos agora. 17:00

Así é :3 17:00

Vaia co percal! volveume á cabeza a miña nai, se chegaba a saber que ía quedar con alguén que coñecera por Internet... non me castigaba, non... matábame!

Despedínme de Laura e fun correndo á casa para poder cambiarme de roupa, ou polo menos poñer algo decente e non parecer un esmoleiro.

Puxen uns pantalóns vaqueiros azuis a xogo coa miña chaqueta e unhas zapatillas brancas. Botei unhas pingas da miña colonia favorita e xa estaba listo.

Cando faltaban dez minutos para a quedada, fun saíndo da casa.

Xa é a hora, vou chegando, estou moi nervioso e creo que me vai dar algo. Xa o vin dende o outro lado da rúa, estaba sentado nun banco. Non había dúbida: branquiño de pel, pelo castaño claro con reflexos louros e os seus ollos cor marrón. Estábame a sorrir! Sentíame nervioso...tanto que as miñas pernas comezaron a tremer. Achegueime onde el e púxose de pé, para a miña sorpresa é máis alto ca min, iso non o sabía. Estabamos cara a cara e non sabía que dicirlle, entón decidín darlle un aperta para romper o xeo. Decateime de que ulía a vainilla, son bastante observador para os pequenos detalles. Entón comezamos a falar:

-Pensei que eras máis alto -díxome para meterse comigo

-Eu tamén o cría até estar ao teu carón. Entón, que imos facer? -pregunteille

-Pois o que queiras. Se queres tomamos algo na cafetería da esquina e despois vemos o solpor.

-Paréceme xenial! -contesteille

A verdade, o plan gustábame. Debo dicir que Iago visto en persoa, fisicamente, non estaba nada mal...

Dúas horas na cafetería, estivemos falando de moitas cousas, fíxome rir moito, paseino ben. Saímos e fomos ao paseo do Náutico para ver o solpor. Non quería andar moito, así que sentei nun banco na metade do paseo, e Iago sentou ao meu carón. O solpor, nós e só o silencio. Era máxico, a cor laranxa do mar da ría de Vigo reflectindo a luz do Sol. Cando me dou conta, sinto un brazo no meu ombreiro. Non me importaba nada, é máis, bótome cara atrás no banco aprexando o seu brazo. En silencio, coma se estiveramos na misa.

Remata o solpor, a cor laranxa, paseniño, faise gris, míroo á cara e el dedícame un leve sorriso, entón achegueime un pouco máis a el no banco. Comeza a facerme cóxegas no ombreiro e eu deixo caer a miña cabeza na súa man. Que romántico todo! Parecía un conto de Disney, só faltaba o bico para pechalo. Cando levanto a miña cabeza doume conta de que se fixera noite, só nos iluminaba a luz do farol que tiñamos enriba de nós. Volvo mirar cara Iago e nese momento... o conto Disney fíxose realidade! Soltoume un bicazo nos beizos! Isto era novo e non tiña nin idea que facer.

Os seus beizos suaves rozaban cos meus, sentía algo indescribible, unha emoción vigorizante. O meu primeiro bico! E encantoume. Despois dese bico mergulleime nos seus ollos e, sen pensalo, deille tamén eu un bico en toda a súa boca.

Soa o meu móbil, e é miña nai para dicir que volva xa á casa. Vaia que "cortarrollos" é! Téñome que despedir, pero non quero, oxalá este momento durase para sempre! Era eu nun conto co meu príncipe azul! Puxémonos de pé, aperteino fortemente e démonos outro bico.

Fun correndo cara á casa para volver escoitar outra berrada da miña nai como a de onte.

Ao día seguinte quedamos. Vino dende lonxe, estaba de pé xunto á parada do bus. Achegueime a el, mirou cara a min e eu mirei cara el... Démonos unha aperta e bicoume nos beizos e...sinto que cheguei a outra dimensión.

ANAGNÓRISE, teatro.



A adaptación da novela *Anagnórise* de M. Victoria Moreno, realizada pola compañía Limiar Teatro e producida por Galaxia Editorial, leva ás táboas a historia de Nicolau e Xulia dun xeito particular. Velaquí a opinión do noso alumnado.

“A obra gustoume, pareceume moi boa idea o que fixeron: non representaron o libro, fixeron a súa propia versión engadindo fragmentos da novela”.



“A min o que máis me gustou foi a posta en escena. No medio do escenario puxeron parte dun coche e comezaron a cantar e interactuar co público”.

“Moi orixinal e entretida, o público tivo moita participación”.



ACRÓSTICOS

Gardiá das palabras
Amante da nosa terra
Lingua propia
Inxustamente marxizada
Cultura florecente
Ideas desleigadas
Amiga dos meus



Antes descoñecidos
Mais agora inseparables
Irmáns de pensamento
Ganas de diversión
O poder da amizade
Soños cumpridos



Alicia 4ºA

Recorro as súas rúas
Exploro os seus rincóns
Deixándome levar pola ilusión
Onde xoguei cos meus amigos
Nunha terra coñecida
De onde eu son
Estimada e valorosa
Leva os meus recordos
Ata que eu morra



Olalla Penabella Seijas 4ºA

APUNTES PARA UN POEMA AO MAR

Porque eu nacín onda el, coñezoo,
desmaiándose leve contra area da praia,
ou envolvendo as súas ondas xigantes contra o vento,
rompéndose en espumas nos acantilados,
ou respirando inmenso,
querendo eternamente unha vez máis chegar.
Que pena que non poida xa descubrir o mar!

Copiando as cores,
prata de lúa chea,
cárdeno co sol do ocaso a caer,
azul en mimetismo cun ceo sen nubes,
espello verde-negro en redondos remansos.
Que pena que xa non poida descubrir o mar!
Porque eu nacín onda el, coñezoo.

Elena, 4ºB



Os lobos cantan

Á lúa florecente

Deus caeu do ceo

**Vin os paxaros
Nun ceo despexado
Brillan estrelas**

Recopila os nosos poemas,
Entretemos coas súas follas, que tan só son
Vinte pero chegan pra saber sobre o Illa.
Investigamos nalgunhas das súas cartas que
Semellan vivencias pasadas nas vidas destes alumnos e
Tentamos a sorte olhando o chou entre as súas páxinas pra
Así atopar os alumnos e mestres desta escola.

ALBA G.
14ºA

LEMBRADE... SEMPRE SEREDES DO ILLA!!!



4ºA

4º B



CLUB DE LECTURA A ILLA DOS LIBROS

O Club de Lectura A Illa dos libros este ano prestou especial atención aos diferentes xéneros literarios e lemos:

Poesía da man de Carlos Negro: *Maquinaria* e *O meu gato é un poeta*, *Poemas birollos para ler* cos ollos de Fran Alonso.

Narrativa sobre a



reforestación e os incendios forestais con *O home que plantaba árbores*, *Mi planta de*

naranja lima e tratamos o tema do acoso escolar con relatos breves e co libro *Eskoria* do escritor de literatura xuvenil, Gómez Cerdá.





Teatro co xénero policíaco de Agatha Cristhie en *A rateira* e a paródica versión da comedia romana de Núñez Singala en *O achado do castro*.

As actividades levadas a cabo foron do máis variado, dende un recital poético (con rap incluído) até a creación de caligramas e haikus, pasando pola elaboración dun mural sobre os incendios devastadores do pasado verán e o visionado de curtas sobre os diferentes temas traballados. A musa Calíope axudounos a crear algúns fermosos textos despois dos talleres de poesía.



DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA E INFORMÁTICA

Impresora 3D

Xa no segundo trimestre os rumores falaban da nova adquisición do departamento de tecnoloxía, pero hai 1 mes confirmouse a compra: unha magnífica impresora 3D!

Xa estivemos a traballar con ela na clase, con Javier Pereira, o profesor de tecnoloxía, e aínda que o proceso é un pouco lento, o resultado é moi satisfactorio.

Porén, para chegar a entender como funciona a impresora, fai falta comprender como traballa:

en primeiro lugar, fai falta todo o proceso de deseño, feito anteriormente no ordenador, cunha aplicación de deseño gráfico como Capterra.

En segundo lugar, o proxecto transmítese á impresora: esta, colle dunha bobina o plástico que precisa para crear a figura. O fío de plástico fúndese nunha cabeza móbil, nunha punta a 250º e deposítase enriba dunha placa de vidro, chamada “cama quente”.



E o último paso, pero non menos importante, é esperar xa que un pequeno proxecto de 10 cm de largo x 5 de alto e 3 de ancho tarda sobre 3 horas.

Escanea co teu móbil o código QR de debaixo, ou copia a ligazón no teu navegador e comproba os resultados da nosa experiencia tridimensional!!




https://www.youtube.com/watch?v=AyC_mu94gRg&feature=youtu.be

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA E INFORMÁTICA

Cortesía alumnado 2º ESO onde nos ensinan o que fan en programación.


QUE É SCRATCH E MBLOCK?



Scratch é un proxecto do Grupo Lifelong Kindergarten do MIT Media Lab. Permite programar facilmente historias interactivas, animacións, simulacións, xogos, música ... todo o que ti queiras. Ademais, dispón dunha extensa comunidade en liña con quen compartir as creacións.

Programando con Scratch aprendemos estratexias importantes para resolver problemas, deseñar proxectos e comunicar ideas. Os rapaces aprenden a programar por bloques.

Programamos obxectos “robots virtuais”



MBlock = Scratch + Arduino

MBlock é un entorno gráfico de programación baseado no editor **Scratch 2.0** para que escolas e centros de formación poidan introducir a robótica de forma sinxela e ensinar a programar robots baseados en Arduino.

A interface é moi amigable e intuitiva. Usa bloques previamente definidos para darlle ordes ao robot e se sabes programar tamén podes sacarlle todo o partido co entorno de Arduino.

Programamos robots.

Vexamos algúns dos traballos

<https://www.youtube.com/watch?v=uvmqPWEPhmo&t>



<https://www.youtube.com/watch?v=1am0oQPXE8Y>



ARTELIXO



O Festival Artelixo instaurouse xa no noso centro como unha data sinalada na que o alumnado participa á vez que se traballan valores importantes como a educación ambiental, o traballo colaborativo e a convivencia.

Nesta ocasión ademais de colaborar co alumnado de 5º e 6º e profesorado do CEP Santa Mariña, tivemos outros invitados moi especiais, os maiores do Centro de Día de Redondela.

Na fotografía da esquerda pódese ver

o obralixo que construíron entre todos os alumnos e alumnas e se expuxo na Alameda co título de “O que o lume levou”: é un edificio construído con cartón e bricks de leite que fomos recollendo ao longo do curso grazas ao alumnado e ás familias. A maiores disto, desenvolveuse unha xornada na que se levaron a



cabo 6 obradoiros de reciclaxe ou reutilización de materiais polos que o alumnado foi rotando. Os participantes puideron construír unha trampa para avespas velutinas con botellas de plástico deseñada por Luís Conde (profesor de Bioloxía en 2º ESO), tamén puideron facer unha casa – niño para paxaros con bricks que preparou Alicia (profesora de Bioloxía en 1º ESO), tiveron a oportunidade de ver diferentes experimentos de física feitos con refugallo por

Fernando (profesor de Física e Química), elaboraron bolsas a partir de periódicos vellos con Sonia (mestra de 5º Primaria no CEP Santa Mariña), puideron tamén facer arte con labras con Ramiro (Director do IES) e flores de cartón cos usuarios e coidadoras do Centro de Día de Maiores de Redondela.

Toda unha experiencia interxeneracional que deixou moi bo sabor nos participantes e organizadores e repetiremos cada ano co fin de facer consciente ao noso alumnado da importancia da reciclaxe e reutilización de refugallo.



PROGRAMA DE TITORÍA ENTRE IGUAIS (TEI)



Hai tempo que no Illa de San Simón había interese por introducir novas metodoloxías relacionadas coa convivencia escolar, a cousa é que buscando información e formación sobre mediación escolar apareceu o que hoxe é un dos mellores acertos que temos introducido no instituto, o TEI. (Programa de Andrés González Bellido - <http://programatei.com/>).

Soa rarísimo non? “TEI”, parece unha desas siglas que perviven en educación non máis de 3 ou 4 anos e ninguén sabe moi ben o que quere dicir. Pois dende logo neste caso penso que van permanecer moito máis tempo e que cada unha desas letras ten un enorme e profundo significado: Titoría entre Iguais.

Só levamos uns meses co programa en marcha e xa estamos enormemente satisfeitos e sorprendidos. Sorprendidos, sobre todo, pola resposta do noso alumnado, da súa contundente e



decidida participación e implicación. Porque TODOS e TODAS os alumnos e alumnas de 3º ESO dixeron si a ser titores dun alumno/a de 1º ESO, a axudarlle na súa integración escolar, a axudarlle a resolver conflitos de xeito pacífico, a contarlle todas as anécdotas e truco e historias que os profes non sabemos sobre o Illa, a estar pendente del ou dela, a prestarlle atención, a facer un esforzo por establecer un vínculo de axuda, en definitiva, a ser un “irmán ou irmá maior” no instituto, e até, ás veces, fóra del. E isto fainos estar tremendamente orgullosos do noso alumnado.

Como digo, fáltanos rodaxe, pero sóbranos ilusión. Este programa de siglas estrañas está enraizando nos piares básicos do centro e esperamos o próximo curso poder continuar con máis actividades e propostas que as que tivemos este ano por falta de tempo.

Ás veces algo moi sinxelo está diante de nós e non somos conscientes de que pode ser a clave do éxito. Iso pasa co Programa TEI, que che fai descubrir que tantos protocolos de prevención do acoso escolar cheos de documentos a cubrir, que tantas intervencións do departamento de orientación, non son suficientes: a clave está no alumnado, no cambio que se ten que producir nos espectadores destas situacións, que pasan de suxeitos pasivos observadores, que até ás veces contribúen a aplaudir de xeito metafórico ou non tan metafórico estas condutas, a axudar, a implicarse, a previr, a mediar, a protexer... esa é a clave deste programa xa que nesta idade os criterios que realmente o alumnado ten en conta non son os das familias nin os do profesorado senón os dos iguais, e se eses iguais son un pouquiño maiores mellor que mellor.



Para concluír dicir que estamos realmente contentos de ter comezado a implantación deste programa no centro e temos moitas expectativas postas nel. Nas fotografías podedes apreciar algúns dos preciosos momentos que nos achegou.

PROGRAMA CIDADES AMIGAS DA INFANCIA UNICEF – CONCELLO DE REDONDELA

Este curso o noso alumnado de 2º ESO participou ao longo do curso nun programa moi interesante que busca fomentar a participación activa do alumnado na vila a través da celebración de Plenos Infantís, propondo cuestións importantes sobre os temas que se tratan en cada un deles. Neste caso foron os departamentos de Orientación e Ciencias Sociais os implicados no proxecto de colaboración.

O primeiro pleno dedicouse a temáticas variadas e ao Illa de San Simón tocoulle suxerir propostas de ocio e tempo libre para adolescentes en Redondela. O alumnado tomou moi en serio esta tarefa e propuxo moitas e moi boas ideas que foron tomadas en consideración após expoñelas as representantes naquel pleno (Ainocha Cortizo Rodríguez de 2ºA e Mei Chu Verdejo Veiga de 2º C).

Algunhas desas propostas foron ampliar o fondo de libros adecuados á súa idade na biblioteca, proxección de películas de cine no multiúsos as fins de semana



a prezos reducidos, facer un skate park, facer algún concerto para á súa franxa de idade nas diferentes festas da vila...

No segundo pleno infantil, no que os representantes en mesa foron Jéssica Maquieira Durán e Mario

González Sotelino, tratouse o tema do aforro da auga na vila, e coa colaboración do Departamento de Ciencias Sociais propuxeron cuestións moi interesantes. O vindeiro curso continuarase participando neste proxecto xa que dende o noso punto de vista é a mellor forma de fomentar a participación cidadá no alumnado, así como outros valores relacionados coa corresponsabilidade, a empatía, educación ambiental...

FESTIVAL DE CURTAS DE REDONDELA – SECCIÓN DISCAPACIDADE (ANDAINA)



Todos os anos a charla ofrecida co visionado de curtas sobre discapacidade que ofrece Andaina dentro do Festival de Curtas de Redondela é impactante, motivante e fai reflexionar ao noso alumnado sobre o que realmente importa, pero este

ano Fran deunos a todos unha lección de resiliencia absoluta, con humor e ironía soubo transmitirnos a importancia de tirar para adiante e ter obxectivos na vida a pesar de todos os problemas que nos veñan.

Fran amosoulle tamén ao noso alumnado a existencia do Celta Integra, e a súa colaboración co mesmo. Todo un exemplo a valorar xa que non só sae adiante cada día a pesar da súa enfermidade se non que axuda a outras persoas a facelo.

É importante que o alumnado teña referencias reais de persoas coa calidade emocional de Fran, xa que representan os valores que todos, tanto familias como profesorado, desexamos transmitirles.



A VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero é un tipo de violencia física ou psicolóxica feita de maneira consciente para xerar calquera tipo de dano a unha vítima de sexo oposto ao agresor.

Falar de violencia de xénero no 2018 ten que parecernos vergoñento, xa que deberíamos ter rematado con este tema desde hai anos.

Entre xaneiro e xuño houbo 31 mulleres asasinadas en España, o que supón unha media dunha vítima cada cinco días. Dende 2003 houbo máis de novecentos asasinatos machistas.

O 25 de novembro é o día mundial contra a violencia de xénero e recordaremos a todas as persoas que perderon a vida e foron maltratadas polas súas parellas ou exparellas.

Dende hai moito tempo as mulleres sofren violencia de xénero e até hai pouco non podían denunciar os agresores, e se denunciaban non obtían axuda. O que tedes que facer é denunciar e non quedar caladas e seguir sufrindo. As mulleres maltratadas non estades soas, tedes o apoio de moita xente para saír adiante. Hai moitas asociacións, acudide e cambiade a vosa vida, non merecedes tal sufrimento.



Andrea García Lago

A violencia de xénero está moi relacionada co machismo, aínda que parece que a nosa sociedade actual é máis igualitaria, este problema segue existindo. Cada día morren moitas mulleres no mundo a mans das súas parellas, exparellas, noivos.... Que lles fan a vida imposible acosándoas, con abusos, maltrato até asasinalas... mais o peor segue sendo que despois deste maltrato hai mulleres que co medo non son capaces de pedir axuda e saír dese inferno, séntense atrapadas coma se estivesen na peor prisión do mundo.

Os homes non son superiores; así que se ti non queres, que ninguén se atreva a tocarche sen o teu consentimento!

Laura Cobián Poutón

A violencia de xénero dá nome a un problema que até hai pouco formaba parte da vida íntima dalgunhas persoas, era considerado un asunto de familia, no que non se podía intervir.

O home comeza a ter comportamentos estraños, insultos, menosprezo, faltas de respecto (non respecta as túas necesidades, sentimentos, opinións...) o único que intenta é desvalorizar e desprezar todos os aspectos da túa vida e até o teu corpo.

Á maioría das mulleres resúltalles moi difícil saír desta situación, xa que despois de maltratalas con insultos e até violencia física, chega a fase de arrepentimento, na que o agresor lle pide desculpas á vítima e esta fai o imposible por crelo, até o punto de enganarse a si mesma e na maioría das veces a vítima séntese culpable e pensa que foi ela a que fixo algo mal. Pero isto non pode pasar, recorda que ti non es responsable, que a violencia é inxustificable, pero sobre todo, que non estas soa, pide axuda a calquera, virache moi ben a axuda dos especialistas.

Para previr a violencia de xénero debemos educar os fillos a ser persoas, en lugar de ensinar a ser home ou muller. Así os mitos como que a agresividade, a forza son un trazo masculino e a obediencia, o silencio, femininos, poderán desaparecer.

Celia Rodríguez González.

BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS



No empezo do curso, o alumnado de 4º e 2º C tiveron a oportunidade de coñecer máis de preto o baloncesto en cadeira de rodas. Con

motivo da celebración da Copa Galicia de baloncesto adaptado en Redondela, o club **AMFIV** de Vigo impartiu no pavillón de A Marisma unha clase teórico/práctica para os nosos alumnos. Deste xeito puideron coñecer as peculiaridades do baloncesto en cadeira de rodas, así como outros temas relacionados co día a día das persoas con problemas de mobilidade.



O ACOSO ESCOLAR

Nestes últimos anos estamos vendo como moitos nenos ou adolescentes están sufrindo acoso escolar, máis coñecido como “bullying”. Moitos chegaron ao punto de ser hospitalizados, ou peor aínda, de suicidarse. Non podo chegar a comprender como un neno pode odiar tanto a outro, como para insultalo continuamente ou darlle una malleira. Ningún neno tería que querer quitarse a vida, sufrir día a día, porque todos teñen dereito a ser respectados e de poder gozar da vida.

Creo que os profesores deberían ser máis conscientes deste problema, xa que moitos o toman como se fose só unha simple pelexa e discusión de nenos pequenos ou “algo faría un para picar o outro”. Ademais non só sucede nas clases, tamén no recreo ou fóra da escola, lugares onde o profesorado e os pais non teñen constancia de todo o que pasa. Que un desagradable insulto poida chegar a converterse en algo diario, provoca a desesperación en quen o sofre.. Ademais non só é culpable o agresor, senón tamén o público, os que calan e intentan esquecer o que viron e oíron.

Non sei se o problema está na educación ou son as xeracións que cada vez van a peor, pero deberíamos ser máis observadores e conscientes do que está pasando e preguntarnos “que estamos facendo mal”: ao final e ao cabo son nenos que non deberían preocuparse máis que de xogar, comer, durmir e aprender, non merecen sentirse sós, desprotexidos e perder os mellores anos da súa vida.

Carla Piñeiro 4ºA

PIRAGUAS NO ILLA



dunha práctica en kayak na enseada de San Simón.

Este ano como novidade e dentro da unidade didáctica de deportes acuáticos, o alumnado de 2º gozou



A saída fíxose dende o peirao de Cesantes,



chegando moi preto da Illa de San Simón.

GALIMATE 2018

O departamento de Matemáticas preparou unha exposición interactiva de xogos matemáticos moi interesantes. O alumnado, ademais da visita guiada co seu profesor, puido visitala durante os recreos. A aceptación foi tal que houbo que prolongala unha semana máis do previsto. Tendo en conta o éxito parece que haberá que repetir. Iso si, con xogos novos !

Aquí vos deixamos unhas imaxes da visita e algún xogo da presente edición. Por certo, moitos dos xogos non os atoparedes en ningunha tenda xa que foron elaborados por nós. Toma nota !



Mastermind, playmind e tamgram



Puzles de madeira



15 fichas e salto da ra



Puzle pitagórico e pentominó

XOGO DAS 15 FICHAS

* 2 xogadores + 15 fichas

Os xogadores van collendo fichas alternativamente. En cada quenda poden tomar 1,2 ou 3 fichas cada un. Perde o xogador que fica coa última ficha. Parece doado pero houbo moitos “piques”. Atrévete a probar ?



XOGO DAS 15 FICHAS
Este xogo é un desafío de lóxica e matemáticas. O obxectivo é coller todas as fichas posibles. O xogador que queda coa última ficha perde. Parece fácil, pero é moi difícil. Atrévete a probar!

O SALTO DA RÁ

* 1 xogador + 6 fichas (3 dunha cor e 3 doutra)


Este reto pódese tentar en calquera lugar con lapis, papel e unhas simples fichas.

O xogo consiste en intercambiar a posición das ras seguindo tres únicas regras.

1.- POSICIÓN INICIAL

2.- NINGUNHA RA PODE RETROCEDER

3.- AS RAS PODEN AVANZAR UNHA POSICIÓN SE ESTÁ BALEIRA OU SALTAR POR RIBA DOUTRA RA SE A SEGUINTE POSICIÓN ESTÁ LIBRE.



BIOLOXÍA 1º ESO

Neste curso as alumnas e alumnos de 1º traballamos nunha morea de cousas.



Tivemos unha Semana das bacterias, na que fixemos iogures e convidamos a todos os demais, alumnos e profesores.

Faciamos os iogures no laboratorio e nos recreos comiamolos todos.



Preparamos trampas para as avespas velutinas e caixas niño para pequenos paxaros.

Na semana da Arte Lixo organizamos uns obradoiros e ensinámolles a outros alumnos a facelas.



En maio fixemos unha saída desde Soutoxusto até a praia de Cesantes. Observamos varios tipos de aves, plantas e árbores típicas desta zona.

Tivemos un pequeno percance, fíxosenos tarde e a marea estaba algo máis alta do previsto; tivemos que remangarnos e camiñar pola auga.



Ao chegar a Cesantes xa puidemos descansar, pero antes Livia, unha das monitoras, deunos unha charla sobre a flora e fauna das dunas.



Ao rematar o tema das plantas fomos á Alameda para ver algunhas especies que estudáramos na clase.

Fomos en tres quendas; de cada vez un grupo de 1º cos profes de Bioloxía.



Levamos un caderno de campo, que tivemos que ir completando coma se fose un xogo: buscando plantas e conseguindo información.



Nestas últimas semanas empezamos a facer unha horta escolar. Nela traballamos alumnos de varios cursos e profesores de distintas materias; algúns con máis xeito que outros.



Cada grupo ten a súa leira e organizámos para atendela principalmente nos recreos.

Aínda que hai algunha leira de deseño, a mellor coidada é a de 1ºC (que é a nosa). se non nos credes, ide vela.

Na horta temos case de todo: tomates, pementos, cebolas, leitugas, amorodos, plantas aromáticas, ... Até un espantallo con roupa de marca.



RCP E PRIMEIROS AUXILIOS NO ILLA



Este curso os alumn@s de 4º e 2º da ESO tiveron a oportunidade de recibir unhas nocións básicas sobre RCP (reanimación cardio pulmonar) e primeiros

auxilios. Agradecer a colaboración do persoal sanitario de urxencias do Álvaro Cunqueiro e da escola de enfermería, que foron os encargados de levar a cabo este interesante obradoiro teórico-práctico



durante dúas horas con cada grupo. A idea é a de manter esta



actividade cada ano, de tal xeito que todos os nosos alumn@s teñan esta formación básica.

SUPERSTITIONS



Perhaps an expression of our collective obsessions, or our attempt at controlling things that are out of our control, superstitions follow us everywhere: we cross our fingers, avoid walking under ladders and try not to break mirrors ... But there are crazier superstitions than these in many different countries. Can you match the superstitions with the countries where they're from? Do you think they bring good or bad luck?

Good or bad luck?	Superstition	Country
	Saying happy birthday too early	Lithuania
	Stepping in dog poop	Russia
	Going home right after a funeral	Iceland
	Whistling indoors	France
	"Cheers" with water	Syria
	Spilling water behind someone	Ireland
	Playing with scissors	India
	If bird poop falls on you	Russia
	Sleeping with your head to the North	UK
	Knitting outside the house	Serbia
	Wearing bells on a wedding dress	Japan
	Playing with yo-yos	Philippines
	Getting a haircut on Tuesdays	Turkey
	Placing your shoes on the table	Egypt
	If your right hand itches	Germany

Solution

Good or bad luck?	Superstition	Country
Bad luck	Saying happy birthday too early	Russia
Good luck	Stepping in dog poop	France
Bad luck	Going home right after a funeral	Philippines
Bad luck	Whistling indoors	Lithuania
Bad luck	"Cheers" with water	Germany
Good luck	Spilling water behind someone	Serbia
Bad luck	Playing with scissors	Egypt
Good luck	If bird poop falls on you	Russia
Bad luck	Sleeping with your head to the North	Japan
Bad luck	Knitting outside the house	Iceland
Good luck	Wearing bells on a wedding dress	Ireland
Bad luck	Playing with yo-yos	Syria
Good luck	Getting a haircut on Tuesdays	India
Bad luck	Placing your shoes on the table	UK
Good luck	If your right hand itches	Turkey

Afecto ≠ Sexualidade

Hedonismo: *Filosofía, Doutrina para a que o pracer é o único ou o principal fin da vida, por riba de calquera outro tipo de valores.*

Malia vivir nunha sociedade cun culto esaxerado a un hedonismo “imposto”, si que poñemos límites a certos praceres. A todos nos gusta o chocolate. Pero non comemos continuamente chocolate porque “engorda”. Igual que outros compoñentes da boa mesa.

Curiosamente na cuestión sexual parece imperar o criterio de canto máis sexo mellor. Debe ser porque non engorda.

Ou porque aínda perduran no subconsciente aquelas expresións tan cristiás de “e posuíuna” ou “foi posuída”. O criterio de posesión nas relacións sexuais, dáme a impresión, está gravado aínda moi fortemente no subconsciente colectivo. E non só no dos homes. O rol sexual ten cambiado, pero pode que non teña cambiado tanto esa connotación de conquista.

Polo cal o sexo sen afectividade está moi ben porque nos dá pracer e non engorda. Pero ... Ten tanto sentido?

Outro aspecto que me ocupa tempo nesta reflexión é o concepto da sexualidade nesta sociedade “avanzada e liberal”, o que me parece a min, unha certa confusión entre afectividade e sexo. Toda afectividade debe ir ligada a sexo? Claramente non.

Pero gustárame que persoas con máis capacidade e coñecementos ca min se puxeran a investigar sobre esa sexualidade infantil precoz que parece proliferar. Realmente, nesa etapa na que estamos a conformarnos como individuos para que un día poidamos ser independentes, autónomos e cunha personalidade propia, nesa etapa de formación, conformación, está tan definida unha característica dos humanos que esperta moito máis tarde? Non estaremos poñendo moitas veces o carro diante dos bois?.

Eses afectos que nos acompañan en todas as etapas da nosa vida, sempre debemos asocialos con sexualidade?.

Enfrontamos pois un paradoxo: sexo sen afectividade, afectividade sen sexo. Onde está o equilibrio, se o hai?. O que está claro, desde a miña ignorancia, é que constitúen dous ámbitos diferentes que non precisan mesturarse, pero tampouco necesitan desvincularse.

Autoridade e autoritarismo

Agresións a pais, profesorado, sanitarios, médicos, policía,, seguen a aumentar. O desafío á autoridade deu un salto cualitativo importante. Do dereito a protestar pásase a unha esixencia para que se cumpran os desexos propios.

Cales son as normas que todos debemos cumprir? Parece que ningunha, que cada quen establece as súas. E sempre pensando en satisfacer os desexos propios por enriba das obrigas propias e os desexos dos demais.

Pensabundo Maldotado



Tallado na auga

Cal neboeiro que paseniño entra pola ría
E xa brétema, amodo, acaricia o val chegamos
Lentamente orballo e resío repousamos sobre as herbas
Suspiro de noites tépedas de outono.

Chuviscada inqueda e rebuldeira
Marca os tempos con pasos imprecisos
Gargalladas compartidas de inocencia
E ata chuvasco de verán que ule a terra húmida

Fortalecido e ansioso faste treboada,
Rebumbio de querer ser escoitado,
Coa ousadía do breve e inconsciente
Necesitado de berrar ¡aquí estou!

Pero tempo e serenidade farán de ti
Chuvia teimuda e persistente
Presenza que empapa todo
E non se pode ignorar.

E cos fríos serás xiada,
Evidencia de noites longas
Na procura dos primeiros raios,
na quietude dos osos vellos.

Máis todos quixeramos ser poalla mansa
Que esvara de folla en folla
Dende o cumio ata a terra.
E volver regato, fonte, río, mar.

E volver para ser de novo
Neboeiro e brétema
No eterno retorno do tempo inmóbil.



“El hombre perdido en el tiempo”

Lo que ha sido y no fue conforma la memoria
Y pasa el tiempo pasado vislumbrando el futuro
Mientras el fin del camino se acerca imperceptible
Cual pertinaz campesino siembra de deseos la vida
Conocedor de la incertidumbre que la naturaleza depara

Llegará la desmemoria y el olvido inevitable
con una mirada vacía que ni recuerda ni olvida
pasado, presente y futuro confluirán un día y será recuerdo
recuerdo de otros, perdidos en el tiempo inagotable
recuerdos de recuerdos que se diluirán ineludiblemente
en los siglos de los siglos de los siglos.

O grilo libertario

CELEBRANDO O DÍA DO LIBRO

Este ano o CEP Santa Mariña convidounos a celebrar con el e coa EEI Marisma o día do libro no paseo da Xunqueira e posteriormente no multiúsos. No paseo da Xunqueira conmemoramos a 2ª edición da iniciativa *Lectura na Rúa*, lendo ao aire libre e compartindo despois a nosa lectura cos máis pequenos.



Xa no interior do multiúsos asistimos a diversas actuacións, unha delas a cargo do grupo de teatro de 1ºC que se estreaba coa peza de Carrapuchiña Vermella, nunha versión máis actual do clásico. Foi unha xornada estupenda e agardamos voltar a repetila para o ano.



CO TEATRO FOMOS VISITAR OS NENOS DE INFANTIL



Aquí vos deixamos unhas fotos da actuación que realizamos o grupo de teatro de 1ºC na escola infantil Marisma de Santa Mariña o pasado mes de maio. Os cativos do centro de dous e tres anos gozaron coa nosa adaptación teatral da Carrapuchiña Vermella. E nós aínda máis ao ver as súas caras de sorpresa e alegría!



SAÍDA DO ALUMNADO DE 2º ESO PARA VER A OBRA

O SEÑORITO DA REBORAINA DE OTERO PEDRAYO



Neste mes de maio o alumnado achegouse até o multiúsos para ver a obra de teatro *O señorito da Reboraina*, unha adaptación teatral do texto de Ramón Otero Pedrayo a cargo da ESAD de Vigo. En clave de humor, a peza repasa a vida do lendario Xoán Manuel Pereira, veciño de Reboareda, que entre outras cousas chegou a ser embaixador na China.



VISITA AO CEP SANTA MARIÑA PARA RECITAR POESÍA E RELATOS

Os alumnos de 1º ESO visitaron en abril o CEP Santa Mariña para recitalles poesías e contarlles relatos ao alumnado de 6º de primaria. Toda unha experiencia! A ver cando nos devolven eles a visita!!



O CLUB DE LECTURA VIAXA A TRAVÉS DA LECTURA

Os rapaces e rapazas do club de lectura do noso centro realizaron unha viaxe até Vigo para visitar dúas exposicións relacionadas coa lectura: *El arte en el cómic*, situada na sede Afundación de Vigo e *O día das letras galegas. 55 anos de historia*, na Casa da Cultura Galega. Ademais diso, puideron disfrutar da biblioteca Juan Compañel a través dunha visita guiada e ver a bonita sala de lectura deseñada polo arquitecto Jenaro de la Fuente.







MÁIS FOTOS









ENTROIDO NO ILLA

Vestirse de animal lévase, que non facer o animal!!
Aquí vedes aos rapaces de 2ºA



FESTIVAL FIN DE CURSO









FOI UN PRACER...



SEMPRE A TÚA AXUDA,

**SEMPRE O TEU
CARIÑO E SORRISO,**

**SEMPRE NO NOSO
CORAZÓN...**



GRAZAS MESTRA!!

